

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPI DOCTOR LÓPEZ SUÁREZ
CURSO: EDUCACIÓN INFANTIL, EDUCACIÓN PRIMARIA, ESO
MATERIA: ORIENTACIÓN EDUCATIVA
DEPARTAMENTO: ORIENTACIÓN
DATA: 12/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Análise de necesidades.**
2. **Necesidades detectadas.**
3. **Obxectivos xerais**
4. **Apoio ao proceso de ensino e aprendizaxe.**
5. **Apoio ao plan de acción tutorial**
6. **Apoio ao programa de orientación académico e profesional**
7. **Anexo: audición e linguaxe**
8. **Información e publicidade**

1. Detección de necesidades

Seguiremos traballando coas mesmas necesidades pero, dada a situación actual de confinamento, priorizarase principalmente os seguintes puntos recollidos na programación elaborada no mes de setembro:

- d. Continuar co blog do departamento de orientación como ferramenta de comunicación coa comunidade educativa.
- f. Elaborar un curso moodle, dentro da aula virtual da web deste centro, sobre materiais de titorías (todos os cursos), que se levaría a cabo na hora semanal de titoría. Formación básica do uso da aula virtual ao profesorado titor.
- k. Sistematizar a documentación do departamento e dos diferentes modelos.

Debido a que todos os membros da comunidade educativa, debido ao estado de alerta, e seguindo as directrices do Ministerio de Sanidade, están confinados, a comunicación entre o departamento de orientación e os membros da comunidade educativa non pode ser presencial, polo que se empregará como ferramentas de comunicación a páxina web do centro, a aula virtual do centro, o blog do departamento de orientación, o correo electrónico corporativo, o teléfono, o whatsapp e a videoconferencia (cisco webex ou outra aplicación similar. As familias e o alumnado teñen a súa disposición, dentro da páxina web do centro, do correo electrónico corporativo do orientador para plantexar inquedanzas, dúbidas,

2. Obxectivos

Seguiremos traballando cos mesmos obxectivos xerais marcados dentro da programación, pero priorizando os seguintes:

- Favorecer unha atención individualizada ás necesidades do alumnado.
- Dixitalizar a acción tutorial.

3. Apoio ao proceso de ensino e aprendizaxe

Seguimos a manter a mesma planificación que temos recollido na programación entregada no mes de setembro. Os cambios que realizamos refírese á metodoloxía que imos a empregar ao longo deste terceiro trimestre. As interaccións e o traballo que realizarán as especialistas deste departamento (mestra especialista e mestras de pedagogía terapéutica) co alumnado será a través do correo electrónico, aula virtual, páxina web do centro, teléfono, whatsapp e videoconferencias. Existirá unha estreita colaboración entre o profesorado de área/materia e as especialistas en audición e linguaxe, para consensuar e organizar o traballo que terán que realizar o alumnado con adaptación curricular, para que vaian ao mesmo ritmo cos seus compañeiros, traballando os contidos propostos na adaptación curricular.

Anexo a esta adaptación da programación as intervencións específicas que realizará a especialista en audición e linguaxe para a recuperación das dificultades da linguaxe que presenta o alumnado co que está a traballar.

En canto ao asesoramento que pode aportar este departamento de orientación ao profesorado do centro, proporcionouse o teléfono e o correo electrónico corporativo do orientador a todo o profesorado do centro para que chamen o escriben sobre calquera tipo de dúbida ou consulta que queiran realizar. Tamén se farán videoconferencias co profesorado cando sexa unha cuestión que afecte a todo o profesorado.

As familias e os propios alumnos e alumnas teñen a súa disposición, dentro da páxina web do centro, o correo electrónico do orientador, para solucionar calquera dúbida ou incidencia.

4. Apoio ao plan de acción tutorial

Neste apartado seguiremos traballando segundo a programación orixinal. Suspéndense todas aquelas charlas, obradoiros, ..., que tiñamos previstas pola imposibilidade de reunións.

Priorizarase aquelas actividades relacionadas coa elaboración dun horario de estudo persoal, rutinas, técnicas de traballo intelectual e temas relacionados coa xestión emocional. A metodoloxía a empregar será a través da creación duns cursos dentro da aula virtual para que o alumnado poida acceder a ditos contidos. Tamén se proporcionará información a toda a comunidade educativa a través do blog do departamento de orientación.

5. Apoio ao programa de orientación académico e profesional

Mantense a planificación establecida dentro da programación realizada no mes de setembro. Suspéndense a charlas presenciais previstas e modifícase a metodoloxía. Priorizarase a tarefas relacionadas coa orientación académica e profesional para o alumnado de 4º de ESO e de 6º de educación primaria. Daráselle información a estes alumnos e alumnas a través da aula virtual do centro educativo e a través do blog do departamento de orientación. Tamén se elaborará unha presentación para o alumnado de 2º e de 3º de ESO relacionado coas materias optativas que poden escoller o próximo curso.

Para solucionar calquera dúbida, inquedanza, ..., que lle poida xurdir a calquera membro da comunidade educativa, principalmente a familias e alumnos/as, dentro da páxina web do centro, está a disposición de todos eles o correo electrónico corporativo do orientador, para que as familias, alumnado, ..., poidan plantexar as súas inquedanzas.

6. Anexo: modificación da programación de audición e linguaxe

Ante a situación extraordinaria na que nos atopamos, foi preciso modificar algúns aspectos da programación anual de Audición e Linguaxe quedando afectado, principalmente, o punto referente á metodoloxía e aos recursos empregados nos diversos programas de intervención.

O principal obxectivo continúa sendo a competencia en comunicación lingüística (prerrequisitos, base, forma contido e uso da linguaxe así como lectoescritura) pero dadas as circunstancias, substituíuse a atención presencial por unha atención apoiada en medios primordialmente telemáticos.

Os medios empregados para acceder ao material son principalmente a web do colexio (todas as semanas vou colgando diversas tarefas e materiais), o correo electrónico, chamadas telefónicas e videochamadas.

O material empregado consiste en recursos web variados (aplicacións, videos, páxinas de internet...), material fotocopiado (tanto de elaboración propia como adquirida de libros de texto ou páxinas de internet) e os propios libros de texto da aula ordinaria.

Haberá unha constante comunicación coas familias facilitando a chegada dos recursos necesarios a aqueles casos onde o acceso a internet é máis limitado ou nulo.

Á hora de valorar os programas de intervención teranse en conta as peculiaridades e situación persoal de cada caso concreto así como o interese e o esforzo do alumnado.

1. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Colgarase esta modificación da programación nos diferentes cursos creados na aula virtual do centro. Tamén se introducirá no blog do departamento de orientación. Tamén estará a disposición da comunidade educativa no apartado de orientación dentro da páxina web do centro.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.